PARLAMENTO DE GALICIA

[RRC/MSGN]

Acta da sesión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, do día 16 de xaneiro de 2025

Na sala de comisións "Otero Pedrayo" do pazo Parlamento de Galicia reúnese a Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, o día 16 de xaneiro de 2025, ás 10:30 horas, logo da convocatoria remitida para o efecto.

Asisten as persoas que se relacionan a seguir:

Mesa:
Noa Olalla Presas Bergantiños
(Presidenta)
Gonzalo Trenor López
(Vicepresidente)
Manuel Santos Costa
(Secretario)

Vogais:
Grupo Parlamentario Popular de Galicia (P):
Juan Manuel Casares Gándara
Miguel Fidalgo Iglesias
Julio García Comesaña
Patricia García González
José Alberto Pazos Couñago
Roberto Rodríguez Martínez
(en substitución de Noelia Pérez López)
Cristina Sanz Arias

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG):
Óscar Insua Lema
Rosana Pérez Fernández
José Daniel Pérez López
(en substitución de Ramón Tomás Fernández Alfonzo)
Brais Ruanova Vilas-Boas

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia (S):
Patricia Iglesias Rey
Silvia Longueira Castro
(en substitución de María Elena Espinosa Mangana)

Grupo Parlamentario Mixto (M):
Armando Ojea Bouzo

Outros intervenientes:
Don Julio Ernesto Abalde Alonso
Letrada:
Raquel Rodríguez Carro

PARLAMENTO DE GALICIA

A presidenta abre a sesión e rógalle ao secretario que lle dea lectura á relación de membros titulares da Comisión para os efectos de comprobar a existencia de quórum de constitución. Logo da constatación deste, éntrase no desenvolvemento da orde do día obxecto desta sesión.

Punto 1. Proposicións non de lei

1.1 4748 (12/PNC-000575)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Iglesias Rey, Patricia e 2 máis
Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia en 2024 para axustarse ás recomendacións do Consello de Contas recollidas no seu informe de fiscalización da Conta Xeral do Sergas do exercicio de 2022
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 31f2, do 29.05.2024

A Presidencia concédelle a palabra á **se Iglesias Rey, Patricia (S),** que procede á defensa da proposta expresándose en termos semellantes aos que aparecen por escrito e que están publicados no Boletín Oficial do Parlamento.

A presidenta ocupa un escano co seu Grupo Parlamentario.
Auséntase da sala a señora Longueira Castro, Silvia (S) e incorpórase á mesma o señor Abalde Alonso, Julio Ernesto (S).

A esta proposición non de lei non se presentaron emendas, polo que, aberta a rolda de grupos parlamentarios pola Presidencia, intervén en primeiro lugar -o voceiro do G.P. Mixto declina intervir- a **señora Presas Bergantiños, Noa Olalla (BNG),** para xustificar o apoio do seu grupo parlamentario á mesma.

Nesta mesma rolda intervén a **señora Sanz Arias, Cristina (P),** quen, logo de matizar moitas das afirmacións realizadas polas voceiras que a precederon no uso da palabra, motiva o rexeitamento do seu grupo á proposta de referencia.

A **señora Iglesias Rey, Patricia (S),** fai uso da rolda de puntualizacións para agradecer o apoio anunciado polo grupo da oposición, logo de amosar a súa discrepancia cos argumentos expostos pola voceira do grupo maioritario.

A presidenta incorpórase ao seu posto na Mesa.

1.2 14392 (12/PNC-001406)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez López, José Daniel e 3 máis
Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co fin de que proceda ao

PARLAMENTO DE GALICIA

rescate da autovía AG-55 e reclame ao Goberno central a transferencia da AP-9 e a implantación da gratuidade tanto nesta infraestrutura como na AP-53
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 118f1, do 20.11.2024

A Presidencia comunica que a esta proposición non de lei o G.P. dos Socialistas de Galicia presentou unha emenda de adición (documento número 17405), da que obvia a súa lectura dado que se remitiu aos membros da comisión.

Deseguido concédelle a palabra ao **señor Pérez López, José Daniel (BNG),** quen expón os motivos nos que se basea esta proposición non de lei ampliando os que se conteñen na súa publicación no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia.

Na rolda do grupo parlamentario emendante a **señora Iglesias Rey, Patricia (S)**, expón as súas argumentacións a respecto da proposta formulada e amosa os motivos polos que o seu grupo presentou esta emenda de engádega in fine do punto 1, que agarda se teña en conta polo grupo propoñente.

Na rolda do grupo parlamentario non emendante o **señor Rodríguez Martínez, Roberto (P**), deixa constancia das súas argumentacións e desacordo coa devandita proposta, anunciando o rexeitamento do seu grupo á mesma.

Na rolda de puntualizacións e posicionamento sobre a emenda defendida o **señor Pérez López, José Daniel (BNG),** critica as argumentacións do voceiro que o precedeu no uso da palabra e reitérase na defensa da súa proposta nos termos en que está presentada, polo que non acepta a emenda do G.P. dos Socialistas de Galicia.

Rematado o debate, a Presidencia procede á votación das proposicións non de lei:

1.1 4748 (12/PNC-000575), do **G.P. dos Socialistas de Galicia.** Sometido a votación o texto resolutivo orixinal, resulta **rexeitado** por:

Votos a favor:..... 8
Votos en contra: 9
Abstencións: 0

PARLAMENTO DE GALICIA

1.2 14392 (12/PNC-001406), do **G.P. do Bloque Nacionalista Galego.** Sometido a votación o texto resolutivo orixinal, resulta **rexeitado** por:

Votos a favor:..... 8
Votos en contra: 9
Abstencións: ..... 0)

Punto 2. Dación de conta

2.1 Conta Xeral

2.2 11846 (12/CXER-000001)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Conta Xeral da Comunidade Autónoma correspondente ao exercicio de 2023
Publicación, BOPG n.º 95f1, do 02.10.2024

2.3 Estado de execución orzamentaria

2.4 11534 (12/ESEX-000003)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Estado da execución orzamentaria segundo trimestre de 2024
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 91f2, do 25.09.2024

2.5 15441 (12/ESEX-000004)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Estado da execución orzamentaria terceiro trimestre de 2024
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 132, do 18.12.2024

2.6 Modificacións orzamentarias

2.7 10136 (12/MOP-000006)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Modificacións orzamentarias correspondentes ao mes de xullo de 2024
Publicación, BOPG n.º 81f2, do 11.09.2024

2.8 10733 (12/MOP-000007)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Modificacións orzamentarias correspondentes ao mes de agosto de 2024
Publicación, BOPG n.º 88f1, do 20.09.2024

PARLAMENTO DE GALICIA

2.9 **13910 (12/MOP-000008)**
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Modificacións orzamentarias correspondentes ao mes de setembro de 2024
Publicación, BOPG n.º 112f1, do 05.11.2024

2.10 **14922 (12/MOP-000009)**
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Modificacións orzamentarias correspondentes ao mes de outubro de 2024.
Publicación, BOPG n.º 123, do 27.11.2024

2.11 **15706 (12/MOP-000010)**
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Modificacións orzamentarias novembro de 2024
Publicación, BOPG n.º 135, do 02.01.2025

2.12 **Información do IGAPE**

2.13 **14220 (12/IIGA-000002)**
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Información do Instituto Galego de Promoción Económica sobre a situación das operacións de crédito e préstamo vixentes a 30 de xuño de 2024 e dos avais correspondentes ao mesmo período
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 115f2, do 13.11.2024

A Presidencia lémbralles ás súas señorías que a documentación que se relaciona neste punto da orde do día xa se lles trasladou aos membros da Comisión para o seu coñecemento. Non hai solicitudes de intervención ao respecto, polo que se considera substanciado este punto.

Esgotada a orde do día, a Presidencia agradece o traballo dos grupos parlamentarios e dos servizos da Cámara, e levanta a sesión.

Remata a sesión ás 11:35 horas.

Noa Presas Bergantiños

Firmado digitalmente por Noa Presas Bergantiños
Fecha: 2025.03.21 17:04:21 +01'00'

V.º e pr.
Noa Olalla Presas Bergantiños
Presidenta da Comisión

Manuel Santos Costa

Firmado digitalmente por Manuel Santos Costa
Nombre de reconocimiento (DN): cn=Manuel Santos Costa, email=manuel.santos.costa@parlamentodegalicia.es
Fecha: 2025.03.21 14:11:41 +01'00'

Manuel Santos Costa
Secretario da Comisión